# Salcedo

## a represión franquista contra a loita obreira e agraria

1

*"Para sentir o orgullo de ser fillo da terra máis fermosa do mundo, eu subo ao pinal de Matalobos, que está enriba da igrexa de Salcedo. Séntome nas pedras do valado, e chanto os ollos na ría que durme entre veigas e florestas. Asisto a transformación dun día de sol en noite de luar. Alí sinto como en ningures a necesidade cósmica da patria e sei que son un anaquiño de eternidade galega. ¡Meu Pontevedra!"*

*Fragmento de "Meu Pontevedra" de Castelao, publicado no seu libro "As cruces de pedra"*

# Salcedo, a represión franquista contra a loita obreira e agraria

**Texto: Montse Fajardo**

Salcedo foi, xunto a Mourente e Lérez, un referente en Pontevedra do movemento agrario, obreiro e de esquerdas, feito que a converteu nunha das parroquias máis atacadas tras o golpe de Estado de 1936. O fascismo castigou a loita da xente traballadora coa morte, o cárcere, a rapa e moitas outras formas de aldraxe. Nin a esa loita nin á represión posterior foron alleas as mulleres da parroquia, fondamente implicadas nunha mobilización que basicamente buscaba reducir as desigualdades, acabando cos abusos que enchían de fame as súas familias.

O historiador pontevedrés Xosé Álvarez Castro sintetiza moi ben os pasos que, desde finais do século XIX, foi dando a parroquia para situarse no punto de mira dos bárbaros en 1936. O caciquismo imperante auspicia a formación de asociacións sectoriais promovidas por novos movementos sociais e políticos como o republicanismo, o socialismo ou o sindicalismo obreiro. Cuestións como o aumento de impostos, que agravaba a xa complicadísima situación do campesiñado, son utilizadas por estas forzas emerxentes para animar á xente do agro a que imite o movemento obreiro e se organice para facer fronte aos abusos.

En Salcedo axuda ao éxito do asociacionismo o feito de que moita da veciñanza reunía a dobre condición de obreira e campesiña, e a unión dálle pulos para enfrontarse aos abusos cada vez maiores dos recadadores, que segundo explica Álvarez Castro, mesmo enganaban nos cobros e levaban a cabo entre a veciñanza embargos sen autorización.

## O MOTIN DE CAMPO DA PORTA

Neste clima de tensión orixínanse motíns en varios puntos do Concello, entre eles o que se produce no Campo da Porta de Salcedo o 19 de xuño de 1894, cando a xente se negou ao embargo dunha vaca e un pote que querían levar a cabo axentes de arbitrios e gardas civís pola débeda dunhas 60 pesetas correspondentes a cédulas. Máis de cen persoas convocadas mediante bucinas logran facer fuxir aos cobradores que se refuxian na casa de Salgueiro, un concelleiro. No seu rescate e coa misión de restaurar a orde acoden once gardas do cuartel de Pontevedra. Segundo a información recompilada por Álvarez Castro, a multitude recibiunos a pedradas, déronlle un golpe na cabeza ao tenente e tentaron desarmar aos gardas, que empuñaron as armas contra a veciñanza provocando a morte a dous homes e unha muller, ademais de deixar tres feridos. Os mortos eran Francisco Piñeiro e

José Rodríguez Rial e a muller, primeira das vítimas femininas do movemento asociativo, Manuela Couso, que estaba encinta duns sete meses e que cando recibiu o disparo levaba un neno no colo.

Tamén resultaron gravemente feridas dúas irmás de Manuela, María e Benita Couso. A primeira cun tiro na cara e a segunda tras recibir un culatazo na cabeza. Ademais, segundo publicaría o xornal católico *La Integridad,* outra irmá da falecida empeorou dunha enfermidade que padecía e morreu pouco despois de ser enterrada Manuela:

> *"¡Qué inmensa desgracia! Una hermana muerta violentamente el martes, otra fallecida anteayer, otra con un tiro en la cabeza y otra herida en la cabeza de un culatazo. De cuatro hermanas, dos muertas y dos heridas".*

***Información do xornal católico La Integridad sobre o motín de Campo da Porta***

Para acabar de agravar a desgraza familiar, a raíz do sucedido o pai das Couso sufriu un grave trastorno psicolóxico.

Varios veciños da parroquia foron denunciar a actuación dos gardas e acabaron detidos. Eran Manuel Gallego López, alcalde de barrio; José Blanco Pintos, Ignacio Pintos Acuña, Manuel González Pintos, José Carabelos Fernández e Manuel Rial Acuña. Tamén apresaron a Benito García Piñeiro, acusado de ser un dos que tocaran as bucinas para convocar á xente. Procésanos por desacato e ameazas aos axentes e por atentado á Garda Civil, mais algúns xornais piden a súa liberdade, alegando "que os campesiños de Salcedo non eran responsables nin tiñan a máis insignificante culpa dos feitos e que se opuxeran e amotinaran cheos de razón e orfos de xustiza, porque xa non se trataba do cobro dun imposto ilexítimo, senón das espoliacións e dos roubos máis escandalosos", segundo recolle Álvarez Castro, de acordo co publicado nos días seguintes en *La Correspondencia Gallega.* O seu director, José Millán, e tamén os de *El Criterio Gallego* e *Unión Republicana,* son chamados a declarar na Audiencia polas súas críticas ás autoridades, mais a solidariedade coa veciñanza de Salcedo foi imparábel e ademais de abrirse unha subscrición para as familias das vítimas, a corporación municipal nomeou unha comisión para depurar os feitos e o fiscal acabou por pedir a liberdade dos presos.

## A SOCIEDADE DE AGRICULTORES

2

Antes do motín, o campesiñado xa denunciara os abusos ante a delegación de Facenda, que desbotou a queixa por ter *"sido hecha colectivamente, en vez de entablarla cada contribuyente por separado".* Ésta e outras informacións fan pensar a Álvarez Castro que a Sociedade de Agricultores xa

funcionaba antes da súa inscrición oficial no rexistro de asociacións, que data de xuño de 1897, tres anos despois do motín que, segundo o historiador, non foi totalmente espontáneo senón que tivo certo grao de organización.

3

A veciñanza tamén denunciara previamente que, para intentar frear o movemento agrario, aplicábanse embargos aos seus dirixentes e en xeral ás persoas que opoñían resistencia aos manexos caciquís. O obxectivo era desanimalas, que acabasen renunciando ás súas convicccións e que mesmo actuasen contra outras persoas implicadas na unión que, aínda sen oficialidade, parecía estar xermolando con forza nesta parroquia obreira e loitadora xa antes do motín de Campo da Porta, unha protesta que, como demostran as irmás Couso, contou cunha importante participación feminina.

## A VINCULACIÓN POLÍTICA DA AGRARIA

As Agrarias tiñan claro que para mellorar a situación da xente do campo debían participar na vida política e por iso xa en 1919, a de Salcedo celebra un mitin con intervención de militantes socialistas como Manuel García Filgueira. Ademais, a Agraria articulará, xunto ao movemento obreiro, candidaturas de tipo anticaciquil nas eleccións municipais. Como contrapunto, os labradores de dereitas fundan nos últimos anos da II República a Sociedad Agraria Antimarxista, alcumada "Los Carcas" ou "Los Negros" e impulsada por homes próximos a Víctor Lis, nome por desgraza ineludíbel á hora de falar de represión en Pontevedra pois como xefe dos cívicos foi un dos principais represores da clase obreira e en xeral, das persoas que defenderan a lexítima República.

4

Naquel sistema nacido o 14 de abril de 1931 puxeron as súas esperanzas a maioría das familias labregas, unidas nunha sociedade que o 24 de abril de 1932 presentaría o seu emblema: unha bandeira bordada por Josefa Vázquez, da familia propietaria do Ferreiro do Pino. Unha familia que, catro anos despois desa presentación, pagaría na pel de varios dos seus membros a adhesión ao movemento obreiro e agrario.

Pero iso só o sabe a historia. Cando aquel 1 de marzo de 1936 a sociedade de Salcedo celebraba cun festival campestre o triunfo electoral da Fronte Popular,  ninguén podía sospeitar ata onde chegaría a guerra da dereita contra as esperanzas da xente traballadora.

## UN GOLPE CONTRA A LOITA DA CLASE TRABALLADORA

5

Apenas cinco meses despois do triunfo da Fronte Popular, a loita da clase obreira e do campesiñado é torpedeada polas balas dos caciques, os militares e a igrexa cómplice que desde finais do século XIX amosara o seu rexeitamento ao asociacionismo agrario non confesional. O golpe de Estado deixou claro que a institución eclesiástica estaba moi afastada da clase traballadora e a represión que levaron a cabo os tres estamentos cebouse coas persoas ligadas a entidades afíns á Fronte Popular, entre elas a Sociedade de Agricultores de Salcedo, cuxos bens foron incautados.

A persecución contra a veciñanza desta parroquia, tan destacada na loita das clases humildes, foi feroz, e moitas das persoas que a habitaban sufriron a persecución e mesmo pagaron coa súa vida o intento de rematar coas inxustizas.

6

Unha desas persoas foi o dirixente agrario José Gallego Acuña, vicepresidente do comité organizador do congreso agrario celebrado en 1935 e concelleiro pontevedrés pola candidatura agrario-obreira en 1931. Tras o golpe aconselláronlle fuxir ao monte con outros compañeiros pero negouse. Apenas uns días despois, na madrugada do 24 de agosto, fórono buscar á súa casa da Ruibal e tras torturalo durante tres días, asasinárono e abandonaron o seu cadáver, cos xenitais na boca, na ponte pequena de Ponte Sampaio. O día que o foron buscar déronlle unha malleira á súa muller, Josefa Peleteiro Rial, mancándolle o fígado e provocándolle unha

doenza que lle causaría a morte cinco anos máis tarde. Para fuxir da persecución, a súa filla Manuela pasou unha tempada en Raxó e á volta converteuse en enlace dos do monte, entre os que estaba o pai do seu fillo, Emilio Méndez Montes.

## CINCO ASASINATOS TRAS A BATIDA NO LUGAR DA TORRE

Apenas catro meses despois do asasinato de Gallego, moi preto da súa casa, Salcedo sería testemuña dun dos episodios máis cruentos da represión fascista en Pontevedra: a queima do alboio dunha casa da Torre, que se saldou co asasinato de cinco persoas.
Os propietarios da vivenda eran Consuelo e Ramón Acuña e tiñan agochados no alpendre ao marido da súa irmá Manuela, Manuel Méndez Montes, e a Juan Manuel Gómez Corbacho, ambos destacados activistas de esquerdas que xa estiveran presos tras a revolución de outubro de 1934.

os agresores préndenlle lume ao alboio, provocando a morte dos dous. Logo deteñen aos donos da casa e no seu interior atopan tamén a Elvira Lodeiro, a muller de Gómez Corbacho.

Ao día seguinte, 13 de decembro, sométenos aos tres a un Consello de Guerra sumarísimo e o 14 de decembro son fusilados Ramón, de 42 anos, e Consuelo, de 60. Elvira di que está encinta e adíanlle a execución pero fusílana o 19 de decembro alegando que as probas médicas descartaran o embarazo.

Manuel Méndez deixou tres orfos, xa adultos: Germán, Remigio e América. Manolo e Elvira dúas nenas: Pilar, de cinco anos e Manolita, que aínda non cumprira os tres, e Consuelo, a un adolescente discapacitado, que tivera de solteira e que se chamaba Manuel. Tras perder á súa nai, Manuel foi criado pola súa prima América e por Manuela Acuña, que naquel crime perdeu ao seu home e a dous irmáns. América foi de noite recuperar os


7

8

9

10

Na madrugada do 12 de decembro, tras unha delación, cívicos e gardas civís ao mando de Víctor Lís e o cabo Jesús Barja, realizan unha batida na zona e atopan aos fuxidos. Méndez e Gómez Corbacho defréndense a tiros pero

restos calcinados do seu pai e levounos ata Lourizán nunha caixa pousada na cabeza. Pilar e Manolita, as orfas de Gómez Corbacho, non volveron verse pois a maior foi criada por unha tía en Arxentina e a pequena pola

familia do socialista Mauro Caballero, que tiña moita amizade con Elvira.

*"Nunca esquecerei aos meus pais. Mentres viva tereinos sempre no meu recordo".*

***Manuela Gómez Lodeiro, orfa de Manolo e Elvira***

Na Ruibal vivía tamén a curmá de Méndez Montes, Manuela Méndez Acuña, e alí agochouse e foi detido o seu fillo Manuel. Implicado coa loita obreira,Manuel Méndez Acuña estivo uns días fuxido no monte pero decidiu volver á casa porque a súa muller, Estrella Pintos Iglesias, estaba embarazada por terceira vez. Unha noite detivéronos aos dous e leváronos ao campo da Feira. Metéronos xuntos nun cuarto e mallaron tanto nela diante del que perdeu o bebé que esperaba. Antes de quedar libre, Estrella viu como o torturaban a el, e despois o pasearon pola contorna cunha coroa de espiñas para logo asasinalo. O seu corpo non apareceu nunca. Deixou dúas orfas: Concha, de cinco anos e Gloria, de tres. Logo, Estrella volveu casar e tivo outras dúas fillas, e a todas lles contou o que pasara aínda que sen dar demasiados datos:

*"Mamá contar contou pouquiño porque o pasou mal. El era o seu primeiro amor, e o primeiro amor nunca se esquece"*

***Milagros Viegas Pintos, filla de Estrella***

Entre os veciños de Salcedo é de xustiza recordar tamén ao secretario da Federación Comarcal Agraria, o comunista Francisco

11

12

13

Fernández Blanco, alcumado Sacheiro e coñecido por traballar como camareiro no Savoy. Segundo explica Xosé Álvarez Castro, durante a II República Sacheiro dirixiu duros ataques ao capitalismo, tomando parte activa na defensa do concello no momento do golpe de Estado. Foi asasinado o 7 de setembro de 1936.

A barbarie tamén segou a vida doutros veciños da parroquia como Gerardo Bao, Genaro Estévez ou Salvador Pastoriza. Os dous últimos foron xulgados na tarde do 18 de setembro de 1936 e sentenciados a pena de morte. A Estévez, carpinteiro de profesión e fillo do dirixente agrario Gumersindo Estévez, acúsano, segundo explica Álvarez Castro, de ser organizador dunha célula comunista, e de manter correspondencia con outros activistas para organizar a revolución, así como de participar activamente na defensa do Concello nos días posteriores ao golpe. Tras o seu estalido andara fuxido pero presentouse no cuartel da Garda Civil despois de que, o 1 de agosto, foran rexistrar a casa do seu pai incautando abundante documentación súa. Foi executado con Pastoriza ás seis da mañá do 22 de setembro de 1936 na Caeira. Tiña 23 anos.

No xuízo declarou ao seu favor o alcalde de barrio do Birrete e da Esculca, Benito Acuña, que ao termo foi detido e morreu "dun sospeitoso suicidio no calabozo", segundo recolle Álvarez Castro en *Pontevedra nos anos do medo*.

No mesmo medio explícase que Gerardo Bao Rúa, xornaleiro de 28 anos do lugar de San Blas, fuxiu despois do golpe pero foi detido na casa da súa moza, producíndose a detención dela e das irmás Pilar, María e Josefa Padín por telo agochado. Bao foi executado o 30 de xaneiro de 1937. Por Álvarez Castro sabemos tamén que o seu irmán, Laureano Bao Rúa, estivo preso no penal navarro de San Cristobal e alí finou o 11 de decembro de 1937.

## A PERSECUCIÓN Á FAMILIA DO FERREIRO DO PINO

En setembro de 1936 tamén foi asasinado Edelmiro Dios Vázquez, *Milucho*, pertencente á familia propietaria da que era unha das fábricas máis importantes de Pontevedra: a do Ferreiro do Pino. O seu dono, Edelmiro Vázquez Juncal, orixinario da Ruibal, fora

14

15

16

presidente da Sociedade Agraria de Salcedo e como explicabamos, foi a súa irmá Josefa, a señora Pepa, quen teceu a bandeira emblema da sociedade. Din que o seu deseño foi obra de Castelao e que a puido ter 64 anos agochada na súa casa o tamén dirixente do organismo Severino Otero. O certo é que no 2000 foi entregada ao Concello por Arturo Estévez e desde entón forma parte do arquivo municipal.

Milucho Dios era o maior dos once fillos da señora Pepa e no momento do golpe

17

era vicesecretario do PSOE e responsábel do Agit-prop (actividades de axitación e propaganda) do Socorro Rojo Internacional. Agochouse pero foi detido, torturado e asasinado na madrugada do 3 de setembro, e os asasinos botaron o seu corpo nunha foxa do cemiterio de Bora. Logo detiveron ao

18

seu pai, Antonio Dios, e as súas dúas irmás maiores, Fina e Tucha, que ademais foron rapadas e depuradas como mestras. Nunca foron xulgadas pero permaneceron un mes no cárcere. O seu pai, cinco. Para acadar a súa liberdade, o dono do Ferreiro do Pino pagou grandes cantidades que se sumaron ás multas que lle impuxo o réxime pola súa propia implicación coa Agraria, e ao feito de

que a fábrica do Pino foi obrigada a destinar parte da súa infraestrutura á fabricación de munición para o bando que asasinara a Milucho. O día que o mataron o seu pai deitouse co pelo negro e pola mañá estaba completamente cano. A súa nai puxo o hábito de Santa Rita e xa non o quitou máis:

*"(A miña nai) acordábase moito, choraba comigo moitas veces. Tiña na mente esa historia e dicíame que non se lle ía da cabeza."*

***Antonio Dios Vázquez, fillo de Josefa***

## A PRESIÓN SOBRE AS MULLERES: O ALDRAXE DA RAPA

Non só foron rapadas Fina e Tucha Dios. As aldraxes dos fascistas contra as mulleres de Salcedo foron múltiples e o corte do cabelo foi só unha das súas expresións, aínda que a máis repetida. E non só perseguiron ás mulleres que loitaran man a man cos homes para sacarlle a fame á familia, senón tamén ás compañeiras, nais, fillas ou irmás dos activistas polo mero feito de selo.

A listaxe de nomes, moitos deles rescatados polo investigador Rafa Quintiá e o actual presidente da Comunidade de Montes, Fernando Pintos, é moi longa, e aínda hai moitos máis que permanecen no anonimato. É mais, hai que dar por seguro que moitas destas vítimas ficarán para sempre no esquecemento dado o silencio que gardaron elas e as súas familias. Pero a memoria oral si conserva, por exemplo, o caso de Aurelia Iglesias, traballadora da Misión Biolóxica, detida e rapada polos cívicos:

*"Quedou moi traumatizada, con medo, chegaba calquera e puña verde aos falanxistas. Traballaba na Misión Biolóxica, coidando do dono, do enxeñeiro. Coidaba del porque estaba moi maliño. Non lle chegaron a por letras na fronte pero levábana a Pontevedra para rir dela e tirábanlle plátanos e cousas. Sufriu moito, estaba negra..."*

***Eulalia Carro, viúva de Pastor Torres***

19

Veciñas de Salcedo aseguran que a rapa alcanzou tamén ás tres irmás de Aurelia: Victoria, Carmen e Adelaida, apuntando como orixe da persecución o feito de que o irmán varón, Cesáreo Iglesias, loitara no bando republicano. O seu pai era irmán de Dorinda, a nai de Estrella Pintos Iglesias.

Igualmente foi a súa relación cun home de esquerdas a causa da rapa de Encarna Silva, orixinaria de Boiro pero vinculada con Salcedo por traballar en Campolongo, no Pazo de Martorell, propiedade dos marqueses de Leis. Encarna era moza do xastre Santiago Bazarra que, segundo o historiador Celso Milleiro,

20

era considerado "o principal organizador do núcleo comunista local" de Marín. Ela foi rapada e obrigada a inxerir aceite de rícino. El, detido e tras pasar por San Simón, obrigado a traballar no batallón que construíu a estrada que vai de Caritel a Lama pasando por Covelo. Segundo o seu fillo salvou a vida precisamente por intercesión do marqués.

Rafa Quintiá sinala tamén como rapadas a Leonor, veciña de Birrete, e a Florinda Blanco e Manuela Blanco Agulla, residentes no Carramal e parentes da súa tataravoa, a costureira Cándida Agulla, Tana. Tana tamén aparecía na lista das rapas que, segundo a memoria oral, se confeccionaban na casa dun cívico de sona e a súa nai. De feito chegou a cortarse ela mesmo o pelo ao ras para evitar a mofa, máis finalmente logrou salvarse da rapa grazas á intercesión dunha das mulleres de cartos para as que traballaba.

Tamén eran de Salcedo dúas mulleres ás que a barbarie do 36 non permitiu nin ser viúvas pois asasináronlles aos seus mozos antes de casar. Unha foi Lola Laxe, a noiva de Milucho Dios, e a outra Estrella Portela, que no 36 era parella de Tino Gama, cuxa familia, orixinaria de Lérez, tamén estaba fondamente vinculada ao movemento obreiro. Os irmáns de Tino, Manuel e Alejandro, estiveron anos no cárcere e a el fusilárono o 28 de decembro de 1936. Levaba fuxido desde o golpe de Estado pero os cívicos detiveron e raparon primeiro a súa irmá Custodia e despois a Estrella, para intentar que desvelaran o seu paradoiro. Ademais a Custodia golpeárona e obrigárona a varrer as rúas cun cartel que dicía comunista, mentres que a Estrella lle tatuaron a fronte. Ningunha das dúas o delatou pero cando Tino veu á súa moza mancada e rapada, entregouse para que non lle fixeran máis dano e foi fusilado. Estrella e Lola Laxe vivían moi pretiño, en dúas casas contiguas da Ponte do Couto,  e tras as aldraxes sufridas e a dor do asasinato das

21

súas parellas, ambas morreron moi novas. O irmán de Lola, Domingo Laxe Esperón, tamén sufriu a persecución dos golpistas:

*"O meu pai tamén andou amolado cando foi da guerra. Levárono preso a Barcelos, ao cuartel da Garda Civil, e logo viñeron a cabalo onda a miña nai. Andabamos a vendimar. Dixéronlle que ou lles daba cartos ou matábano. A miña nai foillos pedir á señora María a Mediana e pagou para que non mataran ao meu pai(...) Salvouse grazas ao cura de Tomeza e ao señor García que eran de dereitas e salvárono porque eran veciños e tíñanlle cariño".*

***Carmen Laxe Souto, sobriña de Lola Laxe***

22

23

A memoria oral tamén nomea outras dúas mulleres da parroquia,Dolores e Concha, que morreron axiña tras sufrir as vexacións dos cívicos. Dolores non volveu saír da súa casa da Carballa ata o día da súa morte, pouco despois da visita ao cuartel, e Concha morreu axiña, segundo relata unha veciña de Salcedo:

*"Cortáronlle o pelo a unha de aí arriba, da Esculca, e do desghusto morreu xa daquela. Chamábase Concha. Viñérona buscar, cortáronlle o pelo e a saber qué máis lle farían, sabe Dios... Levaron a varias pero ela co desghusto xa morreu. Despois de que a raparan, estaba malísima e morreu do desghusto".*

***Amelia Ferreira Peón***

A memoria oral mesmo recolle que outra veciña da parroquia, tamén chamada Dolores, tirouse ao tren tras ser levada varias veces ao cuartel de Pontevedra pola súa relación cun home de esquerdas, Paco Iglesias López.

## SEMENTE

Fernando Pintos da un dato que non fai máis que apuntalar o feito de que a represión xurdida tras o golpe de Estado do 36 non tiña outro obxectivo que erradicar a loita que a xente modesta emprendera contra os caciques e a desigualdade xa desde finais do século XIX: a relación existente entre algunhas das persoas aldraxadas polos franquistas e as que sufriron as consecuencias do motín do Campo da Porta.

Entre elas está a súa propia avoa, Camila Pintos Blanco, que era sobriña de José Blanco, un dos detidos en 1894 tras denunciar o sucedido en Campo da Porta. Tras o estoupido da Guerra Civil, Camila foi rapada polos cívicos, o mesmo que Hortensia e Dolores Garrido Couso, alcumadas "as da Mona", que eran fillas dunha curmá de Manuela Couso, a muller asasinada polos gardas no motín de finais do século XIX.

En definitiva, as familias de Salcedo vinculáronse desde moi cedo ao

24

asociacionismo e ao movemento agrario e obreiro como único método de loitar contra a fame, e foi esa loita a que quixeron erradicar os fascistas co seu levantamento contra a II República. Pero como dixo Castelao, non enterraron cadáveres que enterraron semente e, casualidade ou non, agora é Fernando, o neto de Camila Pintos, o que preside a comunidade de montes de Salcedo e Ramón López Laxe, o sobriño neto de Lola, o seu homólogo na asociación veciñal Heroes do Campo da Porta.

## AS MULLERES, APOIO DOS FUXIDOS

As mulleres mantiveron a unión mesmo no tempo do medo e utilizaron a solidariedade como arma contra o terror. Foron elas as que asinaron os maiores acenos de resistencia e burlando a convivencia cos asasinos prestaron axuda aos fuxidos, foran ou non da súa familia, e tamén aos presos da prisión de Figueirido. Unha desas mulleres foi Carmen Ferreira Peón, da Esculca:

> *"Acórdome dos presos aos que a miña nai lles lavaba a roupa. Pediron xente para lavarlles a roupa e facían falla os cartos. Tiñamos que quentar auga para escaldala porque os piollos non saían. Iamos á porta e os soldados dábannos a roupa e logo devolviámoslle cada bolsa co seu nome. E algunha vez se faciamos unha rosca mandabámoslle un cacho (...). Tiñamos presos "fixos" aos que lle lavabamos a roupa e un que era de Asturias veu despedirse de nós cando o deixaron libre. Tamén me fixeron unha pulseira de prata e outra de realiños".*
>
> ***Amelia Ferreira Peón[1] , filla de Carmen***

Carmen tamén tivo agochado na casa ao seu irmán, Gumersindo Ferreira Peón, que loitara no bando republicano:

> *"Unha noite estabamos durmindo, serían*

25

1 Amelia é filla de solteira de Carmen Ferreira Peón, por iso ten os mesmos apelidos que a nai e o tío.

*as doce da noite, e petaron na porta. Era o meu tío que andaba escapado (...) Traía unhas ghomiñas debaixo dos pés atadas con arames, e un pantalonciño todo porco. Saíu a avoa e díxome que lle deixara a cama libre. Abaixo había un soto, tiñamos alí a cociña e quentoulle un pouco de auga. Logo trouxérono para arriba, para o faiado e a miña avoa contoumo a min pero ao meu irmán non. Díxome que non lle podiamos dicir nada a ninguén porque nos podían matar".*

***Amelia Ferreira Peón, filla de Carmen***

Como o seu irmán, Carmen era de esquerdas e librou da rapa polos contactos que tiña no seu traballo en Sanidad:

*"Aquí, no Palacio, por riba da panadería, vivía o Murro, que era un fascista de espanto, a miña nai non o podía ver porque lle dicía:*

*—Heiche de cortar o pelo por riba de todo.*

*Ela traballaba en Sanidade e como eran todos de dereitas falaban a quen lle ían cortar o pelo e a quen ían ir buscar pero como ela traballa alí non lle deixaron que lle cortara o pelo e ela púñase toda chea. Non lle cortou o pelo e riuse del(...) Tivo unha sorte... que decidida era Dios mío! Había que levantar a man sempre e ela nunca a levantou! E cando era das manifestacións dos rojos, antes da guerra, alá marchaba ela".*

***Amelia Ferreira Peón, filla de Carmen***

26

En canto aos fuxidos, moitos veciños de Salcedo agocháronse no monte tras o golpe, e a maioría deles permaneceron xuntos, polo menos nos primeiros momentos. Na cuadrilla atopamos familiares de asasinados como Emilio Méndez Montes, xenro de José Gallego Acuña, ou Emilio Peón Méndez, irmán de Manuel Méndez[2] . Tamén é de xustiza lembrar a Rogelio González Suárez, Manuel Montes ou Pastor Torres. En cada caso hai mulleres que arriscando a súa propia vida, como quedou demostrado co fusilamento de Consuelo Acuña, déronlles acubillo ou leváronlles comida ou roupa aos agochos do monte.

Unha desas mulleres foi Dolores López Prieto, que escondeu a moitos fuxidos na súa casa da Carballa. Un aceno que lle custou un ano de prisión:

*"Descubriron que os tiña alí agochados porque un que andaba de cacique*

2 Emilio Peón e Manuel Méndez eran fillos de solteira de Manuela Méndez Acuña e o seu mozo, o pai dos nenos, deulle o apelido ao maior, Emilio, pero non ao pequeno, Manuel, que polo tanto quedou cos apelidos da súa nai.

*pagáballe aos rapaces para que andaran detrás da xente a ver qué movementos facían. Viñan de noite, púñanse aínda que fora enriba do tellado ou na porta da casa, en fin... Cando viñeron a primeira vez, que disque atacaron ás tres da maña, había moitos homes agochados na da miña avoa (...) pero non contaban que había unha trampa por dentro, puxéronse nas portas e eles saíron para abaixo, para onde os animais, por esa trampa que aínda existe. Baixaron, pecharon, e os outros:'que se aquí hai moita lousa, que se aquí hai moitos pratos...' coller non colleron a ningún pero levárona a ela porque sabían que estaban alí e non lles dixo onde os tiña agochados".*

***Manuela Iglesias López, neta de Dolores López***

Na vivenda atopábanse, entre outros, Emilio Méndez Montes, -que acabou tendo unha meniña con Juana Iglesias, a filla de Dolores-, e tamén o seu curmán Emilio Peón Méndez.

27


28

29

O home de Dolores, Benito Iglesias, era curmán do pai de Victoria, Aurelia, Adelaida e Carmen Iglesias, as irmás rapadas polos fascistas, así como de Dorinda Iglesias, a nai da muller que perdeu o bebé dunha malleira: Estrella Pintos. Outra irmá de Dorinda, Rogelia Iglesias, e o seu home, Rogelio, alcumado "O Mariñán" tamén prestaron axuda aos opositores ao réxime.

A cuadrilla de fuxidos buscou distintos acubillos. No bo tempo adoitaban estar nas covas do monte, en lugares como Fortilleiro ou a Pexosa, e no inverno procuraban refuxio nas casas da familia.

Algúns deles como Emilio Peón ou Pastor Torres entregáronse en 1939, cando Gómez Cantos, o gobernador civil, instou a presentarse a quen non tivera as mans manchadas de sangue, aínda que Pastor volveu fuxir unha segunda vez cando chegaron á súa casa gardas cunha citación que lle causou desconfianza por estar escrita a lapis. Outros, como Emilio Méndez Montes, permaneceron ocultos máis anos. A Emilio detivérono noutra das redadas que fixeron na casa de Dolores e Juana. Foi o 10 de abril de 1942. Álvarez Castro explica que foi detido polo sarxento Cienfuegos e outros membros da Brigadilla da Garda Civil en posesión dunha pistola e que foi xulgado e condenado a 30 anos, rebaixados por sucesivos indultos.

Durante todo ese tempo foi cambiando de refuxio. Entre outros lugares estivo en casa da filla de José Gallego Acuña, Manuela, con quen en 1936 xa tiña un neno de dous anos; e tamén na casa de Juana, que pariu á súa filla mediada a década dos 40.

Manuela Gallego Peleteiro foi durante anos un importante apoio para os fuxidos. Tiña a adega con bocois partidos en dous: por un lado tiñan a billa que botaba o viño e o resto utilizábase como agocho. O propio neno, José, serviu de apoio ao seu pai e con só seis ou sete aniños xa ía levarlle comida ao monte.

En todo o tempo en que os homes estiveron

agochados, as mulleres de Salcedo padeceron a presión dos rexistros, as aldraxes e as malleiras, como a que lle propinaron a Dolores López antes de ir detida por non dicir onde estaban os fuxidos. Por iso, a casa familiar doutro dos escapados, Manuel Montes, converteuse no refuxio delas, segundo conta unha veciña de Salcedo:

30

*"As mulleres reuníanse todas e ían durmir para abaixo, para a casa de Manuel. Durmían todas na casa de abaixo cos meniños, xuntábanse porque homes non había, os homes estaban escapados".*

Manuel Montes contaba coa axuda da súa irmá Peregrina:

*"Leváballe ela a comida e ía de noite a lavarlle a roupa, todo ás agachadas. Ela tiña moito medo, arriscou a vida pero claro, o seu irmán tamén a arriscaba e ela era a maior e a única que sabía onde estaba, penso"*

***Chicha Montes, filla de Manuel***

A Pastor Torres ocultárono o seus pais, Leopoldo Torres e Teresa Paz, que habilitaron na bodega un tobo no que durante meses conviviron o seu fillo e Emilio Peón Méndez:

*"Fixeron na casa de Teresa, da nai de Pastor, un oco, porque o mataban eh? Tíñanlle unha rabia negra. A casa estaba na rotonda do Pino, era unha casa grande cun murallón, e tiña unha bodega. Había un banco de carpinteiro que era moi grande e pesaba moito. Entón fixeron un buraco e quitaron a terra ás agachadas, a saber... Quitaron terra pouco a pouco, pouco a pouco, ata que fixeron un oco para estar eles alí, e baixaban por unha escaleira, metíanse, puñan unha placa e o banco enriba. Non o sabía ninguén e a súa nai toliña de telos alí"*

***Eulalia Carro, viúva de Pastor Torres***

Pasado o tempo do agocho, Pastor casou con Eulalia Carro Sobral, Lali, outra muller solidaria que durante anos prestou axuda aos presos de Figueirido e que durante toda a vida conservou os agasallos que eles lle fixeron, como unha caixa de madeira co seu nome gravado por un republicano asturiano.

Lali Carro era sobriña doutro home de Salcedo asasinado pola súa implicación no movemento obreiro: o canteiro Abelardo Sobral, irmá da súa nai, Amelia. Ademais, os fascistas tamén raparon a súa tia Leonor Sobral.

Abelardo casou con Hermosinda Lamoso, de Postemirón, e foi en Vilaboa onde exerceu a súa actividade sindical. Tras o golpe, o local da Sociedade de Agricultores e Obreiros de

31

32

33

34

35

Vilaboa axiña foi incautado e convertérono no cuartel de falanxistas e cívicos. Alí foi torturado Abelardo tras a súa detención o 17 de outubro de 1936:

> *"Dicíame un home de Vilaboa que cando o sacaron xa non se podía soster en pé. Mira que pouco lle puideron pegar"*
>
> ***Carmen Sobral Lamoso, filla de Abelardo***

Logo foi asasinado e o seu cadáver non apareceu nunca. Segundo a memoria oral, foi fondeado na ría. Deixaba tres fillos e á súa muller embarazada da cuarta, que naceu o 1 de xaneiro de 1937.

A terceira era unha nena e estudou naquel mesmo local que acollera primeiro a loita e logo a tortura do seu pai, reconvertido polo réxime en escola. Aínda que tiña dous anos cando quedou orfa, Carmen ten moi claro porqué mataron a Abelardo, e a súa certeza, define con precisión contra qué loitaban os golpistas e cal foi a razón da masacre cometida con xente obreira como a de Salcedo:

> *"Meu pai era canteiro, mestre de canteiros e máis era da Sindical. E pola Sindical foi que o mataron (...) porque el era socialista e quería que as mulleres tiveran paga como teñen agora, e de aí viñeron os fundamentos e de aí o viñeron buscar (...). Por querer melloras para os pobres e para as mulleres... que iso non o querían os que mandaban entonces..."*
>
> ***Carmen Sobral Lamoso, filla de Abelardo***

36

## PÉS DE FOTO

**CUBERTA**

Casa de Salcedo na que tivo lugar a batida que lle custou a vida a Manuel Méndez, Gómez Corbacho, Elvira Lodeiro e Ramón e Consuelo Acuña

**1** Vista da parroquia de Salcedo no século pasado
**2** Bandeira da sociedade agraria que bordaron Josefa Vázquez, do Ferreiro do Pino, e outras mulleres de Salcedo durante a II República
**3** Lugar que a principios do século pasado acollía a sede da Sociedade de Agricultores de Salcedo.
**4** Manuel García Filgueira e a súa muller, Emma Mourón. Ambos sufriron represalias tras o golpe de Estado de 1936.
**5** José Gallego Acuña, concelleiro na II República pola candidatura obreiro-agraria, foi asasinado polos golpistas en agosto de 1936.
**6** Vivenda de onde foi sacado José Gallego na madrugada do 24 de agosto.
**7** Manuela Acuña, viúva de Manuel Méndez Montes.
**8** Elvira Lodeiro.
**9** Juan Manuel Gómez Corbacho.
**10** Manuel Méndez Montes.
**11** América Méndez Acuña e un dos seus fillos.
**12** Mauro Caballero con Manolita, a orfa de Elvira e Corbacho e a súa propia filla, Margarita.
**13** Estrella Pintos.
**14** Milucho Dios, asasinado o 3 de setembro de 1936.
**15** Josefa Vázquez, "a señora Pepa" e o seu home, Antonio Dios
**16** Lugar do cemiterio de Bora onde foi sepultado Milucho Dios. Unha rapaza sinalouno cunha pedra e pasado o tempo amosoullo a súa familia.
**17** A señora Pepa e o seu fillo Antonio
**18** Fina Dios, á esquerda da foto e Tucha, á dereita. Ambas foron rapadas e depuradas como mestras.
**19** Encarna Silva e o seu home, Santiago Bazarra.
**20** Encarna Silva no Pazo de Martorell onde traballaba
**21** Cándida Agulla, "Tana".
**22** Custodia Gama.
**23** Retrato de Estrella Portela, encargado polo seu mozo Tino Gama para darllo de agasallo.
**24** Camila Pintos.
**25** Canteira na prisión de Figueirido.
**26** Carmen Ferreira Peón e unha neta.
**27** Emilio Méndez Montes.
**28** Emiilio Peón Méndez.
**29** Pastor Torres Paz.
**30** Manuela Gallego Peleteiro coa súa filla, Emma.
**31** Leopoldo Torres e Teresa Paz, con outros familiares.
**32** Lali Carro e o seu pai, Severino.
**33** Leonor Sobral, rapada.
**34** Amelia Sobral.
**35** Hermosinda Lamoso, viúva de Abelardo Sobral.
**36** Familia Sobral.

# ÍNDICE BIOGRÁFICO

## VECIÑANZA REPRESALIADA A RAÍZ DO MOTÍN DA CAMPO DA PORTA (1894)

**BLANCO PINTOS, JOSÉ.**- Detido en 1894 por denunciar a actuación policial contra o motín de campo da Porta, que lle custou a vida a dous homes e unha muller de Salcedo.

**CARABELOS FERNÁNDEZ, JOSÉ.**- Detido en 1894 por denunciar a actuación policial contra o motín de campo da Porta.

**COUSO, BENITA.**- Ferida no motín de campo da Porta de 1894.

**COUSO, MANUELA.**- Vítima mortal no motín de Campo da Porta de 1894. As súas irmás Benita e María resultaron feridas e outra, da que non coñecemos o nome, morreu pouco despois do seu enterro tras agravársele a enfermidade. O seu pai quedou moi afectado psicoloxicamente.

**COUSO, MARÍA.**- Ferida no motín de campo da Porta de 1894.

**GALLEGO LÓPEZ, MANUEL.**- Alcalde de barrio detido en 1894 por denunciar a actuación policial contra o motín de campo da Porta.

**GARCÍA PIÑEIRO, BENITO.**- Detido en 1894 acusado de ser unha das persoas que tocaron as bucinas para convocar á xente ao motín de Campo da Porta.

**GONZÁLEZ PINTOS, MANUEL.**- Detido en 1894 por denunciar a actuación policial contra o motín de campo da Porta.

**PINTOS ACUÑA, IGNACIO.**- Detido en 1894 por denunciar a actuación policial contra o motín de campo da Porta.

**PIÑEIRO, FRANCISCO.**- Vítima mortal no motín de Campo da Porta.

**RIAL ACUÑA, MANUEL.**- Detido en 1894 por denunciar a actuación policial contra o motín de campo da Porta.

**RODRÍGUEZ RIAL, JOSÉ.**- Vítima mortal no motín de Campo da Porta.

## VECIÑANZA REPRESALIADA TRAS O GOLPE DE ESTADO DE 1936

**ACUÑA, BENITO.**- Alcalde de barrio de Birrete e da Esculca, foi detido tras declarar a favor do comunista Genaro Estévez no xuízo que o condenou a morte. Morreu dun sospeitoso suicidio no calabozo.

**ACUÑA IGLESIAS, CONSUELO.** Fusilada o 14 de decembro de 1936, aos 60 anos, por ter agochado na súa casa a Manuel Méndez Montes, home da súa irmá Manuela, e a outro líder sindical fuxido, Juan Manuel Gómez Corbacho.

**ACUÑA IGLESIAS, MANUELA.**- Viúva de Manuel Méndez Montes, asasinado na queima do alboio no que se agochaba, que levaron a cabo cívicos e gardas civís o 12 de decembro de 1936. A raíz desa batida, Manuela perdeu tamén a dous irmáns, Ramón e Consuelo, fusilados o 14 de decembro por ter agochado ao seu home.

**ACUÑA IGLESIAS, RAMON.** Fusilado o 14 de decembro de 1936, aos 41 anos, por ter agochado na súa casa a Manuel Méndez Montes, o home da súa irmá Manuela e a outro líder sindical fuxido, Juan Manuel Gómez Corbacho.

**AGULLA, CÁNDIDA (TANA).**- Costureira, aparecía nas listaxes para ser rapada e ela mesmo cortou o pelo ao ras para evitar a aldraxe. A intercesión dunha muller para a que traballaba librouna finalmente do pelado a cero.

**BAO RÚA, GERARDO.**- Xornaleiro de 28 anos de San Brais, foi condenado a morte e executado o 30 de xaneiro de 1937.

**BAO RÚA, LAUREANO.**- O seu irmán Gerardo foi asasinado e el finou o 11 de decembro de 1937 no penal navarro de San Cristobal.

**BAZARRA, SANTIAGO.**- Home de Encarna Silva, empregada do Pazo de Campolongo; a súa militancia de esquerdas provocou a rapa e as aldraxes sufridas por ela.

**BLANCO, FLORINDA.**- Veciña do Carramal rapada polos fascistas.

**BLANCO AGULLA, MANUELA.**- Veciña do Carramal rapada polos fascistas.

**CABALLERO GÓMEZ, MAURO.**- Socialista, estivo agochado na cociña da súa vivenda de Pontevedra ata 1939. Xunto coa súa muller, Petra Calleja, criaron como se fose a súa filla, a Manuela, a orfa pequena de

Elvira Lodeiro e Juan Manuel Gómez Corbacho, asasinados tras a batida realizada na Torre o 12 de decembro de 1936.

**CARRO SOBRAL, EULALIA (LALI).**- Xunto ao seu pai, Severino, prestou axuda aos presos de Figueirido. Casou con Pastor Torres Paz, activista de esquerdas agochado ata 1939 e posteriormente en prisión.

**DIOS GÓMEZ, ANTONIO.**- Casado coa señora Pepa, do Ferreiro do Pino, estivo cinco meses en prisión. Os fascistas asasinaron a Milucho, o seu fillo maior, e levaron presas, depuraron como mestras e raparon ás súas fillas Fina e Tucha.

**DIOS VÁZQUEZ, EDELMIRO (MILUCHO).**- Da familia do Ferreiro do Pino, era vicesecretario do PSOE e foi paseado o 3 de setembro de 1936.

**ESTÉVEZ POSADA, GENARO.**- Fillo do dirixente agrario Gumersindo Estévez, Genaro era de ideoloxía comunista e foi executado o 22 de setembro de 1936 aos 23 anos.

**ESTÉVEZ, GUMERSINDO.**- Dirixente agrario, os golpistas fusilaron ao seu fillo Genaro, comunista de 23 anos.

**FERNÁNDEZ BLANCO, FRANCISCO "SACHEIRO".**- Activista de esquerdas e camareiro no Savoy, foi asasinado o 7 de setembro de 1936.

**FERREIRA PEÓN, CARMEN.**- Veciña da Esculca que tivo agochado ao seu irmán Gumersindo, combatente do bando republicano, e que traballou lavando a roupa aos presos de Figueirido. Ameazada coa rapa, salvouse polos contactos que tiña no seu traballo en Sanidad.

**FERREIRA PEÓN, GUMERSINDO.**- Combatente do bando republicano estivo un tempo agochado na casa da súa irmá Carmen.

**GALLEGO ACUÑA, JOSÉ.**- Veciño da Ruibal, vicepresidente do comité organizador do congreso agrario celebrado en 1935 e concelleiro pontevedrés pola candidatura obreiro-agraria en 1931, foi detido polos fascistas o 24 de agosto de 1936, torturado durante días e asasinado.

**GALLEGO PELETEIRO, MANUELA.**- Filla do dirixente agrario José Gallego Acuña, paseado polos fascistas en agosto de 1936, e compañeira de Emilio Méndez Montes, agochado ata 1942. Prestou axuda aos fuxidos do monte.

**GARCÍA FILGUEIRA, MANUEL.**- Líder do movemento agrario e militante socialista, era alcalde accidental no momento do golpe de Estado, após o nomeamento do electo, Bibiano Fernández Osorio-Tafall como Subsecretario de Gobernación.

**GARRIDO COUSO, DOLORES.**- Era filla dunha curmá de Manuela Couso, a muller asasinada en 1894, no motín de Campo da Porta. Tras o golpe de Estado de 1936 foi rapada, o mesmo que a súa irmá Hortensia.

**GARRIDO COUSO, HORTENSIA.**- Era filla dunha curmá de Manuela Couso, a muller asasinada en 1894, no motín de Campo da Porta. Tras o golpe de Estado de 1936 foi rapada, o mesmo que a súa irmá Dolores.

**GÓMEZ CORBACHO, JUAN MANUEL.**- Asasinado, xunto a Manuel Méndez Montes, na batida que cívicos e gardas civís realizaron no lugar da Torre o 12 de decembro de 1936. A súa muller, Elvira Lodeiro González, foi detida ese mesmo día e fusilada tras un consello de guerra sumarísimo no que tamén condenaron a morte aos irmáns Ramón e Consuelo Acuña, donos da casa onde estaban agochados.

**GONZÁLEZ SUÁREZ, ROGELIO.**- Líder agrario, militante comunista, estivo fuxido tras o golpe.

**IGLESIAS, ADELAIDA.**- Os fascistas rapárona xunto ás súas irmás Aurelia, Victoria e Carmen.

**IGLESIAS, AURELIA.**- Traballadora da Misión Biolóxica, a memoria oral lembra que foi rapada, e obrigada a pasear por Pontevedra para mofa dalgúns viandantes que ata lle tiraron mondas de froita. Os fascistas tamén raparon ás súas irmás Carmen, Adelaida e Victoria.

**IGLESIAS, CARMEN.**- Os fascistas rapárona xunto ás súas irmás Aurelia, Adelaida e Victoria.

**IGLESIAS, CESÁREO.**- Veciño de Salcedo que segundo a memoria oral loitou no bando republicano, e como represalia os golpistas raparon ás súas irmás Adelaida, Aurelia, Victoria e Carmen.

**IGLESIAS, DORINDA.**- Nai de Estrella Pintos. Os fascistas raparon ás catro fillas do seu curmán (Victoria, Carmen, Adelaida e Aurelia Iglesias). A súa irmá Rogelia prestou axuda aos fuxidos no monte.

**IGLESIAS, VICTORIA.**- Os fascistas rapárona xunto ás súas irmás Aurelia, Adelaida e Carmen.

**IGLESIAS, ROGELIA.**- Tía de Estrella Pintos, (a quen os fascistas lle mataron o home e da malleira fixérona abortar). Tanto ela como Rogelio, o seu home, alcumado O Mariñán, axudaron aos do monte.

**IGLESIAS LÓPEZ, JUANA.**- Tivo unha filla co fuxido Emilio Méndez Montes. A súa nai, Dolores, estivo en prisión un ano por agochalo a el e outros compañeiros.

**IGLESIAS LÓPEZ, PACO.**- Fillo de Dolores Iglesias López, (presa

durante un ano por axudar aos fuxidos). Segundo a memoria oral, a súa moza, Dolores, tirouse ao tren tras ser levada varias veces ao cuartel de Benito Corbal.

**LAMOSO, HERMOSINDA.**- Viúva de Abelardo Sobral, sindicalista natural de Salcedo e veciño de Postemirón (Vilaboa), paseado polos fascistas o 17 de outubro de 1936. Segundo a memoria oral, foi fondeado na ría de Vigo.

**LAXE ESPERÓN, DOMINGO.**- Veciño de Salcedo preso en 1936. Para acadar a súa liberdade a súa muller tivo que pagar unha importante cantidade. A irmá de Domingo, Lola, era parella de Milucho Dios, paseado, e foi rapada polos cívicos.

**LAXE ESPERÓN, LOLA.**- Moza de Milucho Dios no momento da súa execución, foi rapada polos fascistas e morreu moi nova.

**LODEIRO GONZÁLEZ, ELVIRA.**- Viúva de Juan Manuel Gómez Corbacho, asasinado o 12 de decembro de 1936 tras unha redada no lugar da Torre onde se agochaban. Detida ese mesmo día, foi fusilada o 19 de decembro tras descartar os fascistas que estivera embarazada como ela alegou. Deixaron dúas orfas, Pilar e Manolita, de 5 e 3 anos.

**LÓPEZ PRIETO, DOLORES.**- Pasou un ano en prisión por esconder fuxidos na súa casa da Carballa, entre eles a Emilio Méndez Montes, que a mediados da década dos 50 tivo unha nena coa súa filla Juana Iglesias. O seu home, Benito Iglesias, era curmán do pai das irmás Victoria, Adelaida, Aurelia e Carmen Iglesias, rapadas polos fascistas, así como da nai de Estrella Pintos Iglesias, (a quen os fascistas lle mataron o home e o bebé que esperaba) e de Rogelia Iglesias, quen tamén axudou aos fuxidos no monte.

**MÉNDEZ ACUÑA, AMÉRICA.**- Filla de Manuel Méndez Montes, asasinado na queima do alboio da Torre, o 12 de decembro de 1936, e sobriña de Consuelo e Ramón Acuña, fusilados dous días despois por ter agochado ao seu pai. Tiña dous irmáns: Germán e Remigio.

**MÉNDEZ ACUÑA, MANUEL.**- Os fascistas detivérono xunto á nai das súas dúas fillas, Elvira Pintos Iglesias, que estaba embarazada por terceira vez. Ela perdeu ao bebé da malleira que lle pegaron e a el asasinárono. Deixou dúas orfas: Concha, de cinco anos, e Gloria, de tres.

**MÉNDEZ ACUÑA, MANUELA.**- Curmá de Manuel Méndez Montes, asasinado na batida do 12 de decembro de 1936 no lugar da Torre, e de Manuela, a nai de Emilio Méndez Montes, fuxido ata 1942. O seu fillo pequeno, Manuel Méndez Acuña, foi paseado polos fascistas. O maior, Emilio Peón Méndez, estivo durante anos agochado e despois preso. Non coincidían os apelidos dos fillos porque o pai recoñeceu ao maior pero non ao pequeno, que por iso levaba só os dela.

**MÉNDEZ MONTES, EMILIO.**- Xenro do dirixente agrario paseado en agosto de 1936, José Gallego Acuña, permaneceu fuxido ata abril de 1942. Era fillo de solteira dunha irmá de Manuel Méndez Montes, asasinado na queima dun alboio na Torre. A súa nai chamábase Manuela.

**MÉNDEZ MONTES, MANUEL.**- Asasinado na queima do alboio no que se agochaba, que levaron a cabo cívicos e gardas civís o 12 de decembro de 1936. O alboio era propiedade dos irmáns da súa muller, Manuela Acuña. Chamábanse Ramón e Consuelo, e por telo agochado foron fusilados o 14 de decembro dese ano. O seu sobriño, Emilio Méndez Montes, estivo fuxido ata 1942.

**MONTES ACUÑA, MANUEL.**- Tras o golpe estivo agochado na mesma cuadrilla que Emilio Peón Méndez, Pastor Torres Paz ou Emilio Méndez Montes. Non chegou a estar nunca detido.

**MONTES ACUÑA, PEREGRINA.**- Prestou axuda ao seu irmán Manuel agochado tras o golpe na mesma cuadrilla que Emilio Peón Méndez, Pastor Torres Paz ou Emilio Méndez Montes.

**OTERO, SEVERINO.**- Dirixente da Sociedade Agraria de Salcedo, hai quen pensa que foi el quen ocultou durante toda a ditadura o emblema da sociedade: unha bandeira tecida pola señora Pepa, do Ferreiro do Pino, probablemente sobre deseño de Castelao. Desde o 2000, o emblema forma parte do arquivo municipal.

**PADÍN, JOSEFA.**- Detida xunto ás súas irmás María e Pilar por ter agochado a Gerardo Bao Rúa, posteriormente executado.

**PADÍN, MARÍA.**- Detida xunto ás súas irmás Josefa e Pilar por ter agochado a Gerardo Bao Rúa, posteriormente executado.

**PADÍN, PILAR.**- Detida xunto ás súas irmás Josefa e María por ter agochado a Gerardo Bao Rúa, posteriormente executado.

**PASTORIZA GARCÍA, SALVADOR.**- Xulgado o 18 de setembro de 1936 xunto a Genaro Estévez e fusilado con este o día 22 do mesmo mes.

**PAZ, TERESA.**- Nai de Pastor Torres, tivo agochados ao seu fillo e a Emilio Peón Méndez nun tobo escavado na adega da casa.

**PELETEIRO RIAL, JOSEFA.**- Viúva do dirixente agrario José Gallego Acuña, asasinado o 24 de agosto de 1936. O día que

foron buscar ao seu home, os fascistas déronlle unha malleira e provocáronlle unha lesión no fígado da que morreu en 1941.

**PEÓN MÉNDEZ EMILIO.**- A súa nai era curmá de Manuel Méndez Montes, asasinado na batida do 12 de decembro de 1936 no lugar da Torre, e de Manuela, a nai de Emilio Méndez Montes, fuxido con el durante o tempo inmediatamente posterior ao golpe. O seu irmán pequeno, Manuel Méndez Acuña, foi paseado polos fascistas. No coincidían os apelidos porque o seu pai recoñeceuno a el pero non ao pequeno, que por iso levaba os da nai. Entregouse a Gómez Cantos en 1939 e tras recuperar a liberdade volve a ser detido por participar na actividade do PC clandestino, en 1948 e a mediados da década dos 50.

**PINTOS BLANCO, CAMILA.**- Era sobriña de José Blanco Pintos, un dos detidos no motín de Campo da Porta. Tras o golpe de Estado de 1936 foi rapada.

**PINTOS IGLESIAS, ESTRELLA.**- Detivérona xunto ao pai das súas dúas fillas, Manuel Méndez Acuña. Estaba embarazada por terceira vez pero das torturas infrinxidas, perdeu á criatura. Ao seu compañeiro asasinárono. Nunca apareceu o seu corpo.

**PORTELA LÓPEZ, ESTRELLA.**- Foi rapada e tatuada na fronte pola súa relación con Faustino Gama, membro dunha familia de Lérez moi vinculada ao movemento obreiro. Tino foi fusilado o 28 de decembro de 1936 tras entregarse para evitar que lle fixeran máis danos a Estrella. Os seus irmáns Manuel e Alejandro Gama Casalderrey pasaron anos no cárcere, a súa irmá Custodia Gama foi rapada e maltratada, e a súa irmá Adelina Gama, exiliouse e estivo dous anos ingresada nun sanatorio mental. Estrella morreu poucos anos despois da execución de Faustino.

**SILVA SILVA, ENCARNA.**- Rapada e obrigada a inxerir aceite de rícino pola súa relación con Santiago Bazarra, considerado polo réxime "organizador do núcleo comunista de Marín". Aínda que nacera en Boiro, no momento do golpe traballaba en Campolongo, no Pazo de Martorell, propiedade dos marqueses de Leis. Está enterrada en Salcedo.

**SOBRAL, ABELARDO.**- Veciño de Salcedo que tras o seu casamento en Postemirón con Hermosinda Lamoso, converteuse en líder agrario de Vilaboa. Foi paseado polos fascistas e o seu cadáver nunca apareceu. A memoria oral recolle que foi fondeado na ría. A súa irmá Leonor foi rapada. A súa irmá Amelia era a sogra de Pastor Torres.

**SOBRAL, AMELIA.**- O seu irmán Abelardo foi paseado e a súa irmá Leonor, rapada. A súa filla Lali casou con Pastor Torres, activista de esquerdas agochado tras o golpe e posteriormente en prisión.

**SOBRAL, LEONOR.**- Foi rapada polos fascistas, que ademais asasinaron ao seu irmán Abelardo. A súa sobriña Lali Carro casou co dirixente esquerdista Pastor Torres Paz, tras o golpe agochado e logo condenado a prisión.

**TORRES, LEOPOLDO.**- Pai de Pastor Torres. El e a súa muller, Teresa Paz, tiveron ao seu fillo e ao compañeiro deste, Emilio Peón Méndez, agochados durante meses nun tobo escavado na bodega.

**TORRES PAZ, PASTOR.**- Destacado activista de esquerdas, permanece agochado xunto a Emilio Peón Méndez nun tobo escavado na adega da casa ata 1939. Logo ingresa en prisión e tras acadar a liberdade volve ser detido en xuño de 1948 pola súa actividade no PC clandestino.

**VÁZQUEZ JUNCAL, EDELMIRO.**- Propietario do Ferreiro do Pino, pagou importantes sumas para lograr a liberdade do seu cuñado Antonio Dios e as súas sobriñas Fina e Tucha Dios, detidas polos fascistas que tamén asasinaron ao seu sobriño Milucho. Ademais pagou contiosas multas e obrigárono a producir na súa fábrica munición para o exército franquista. Foi dirixente da Sociedade Agraria de Salcedo.

**VÁZQUEZ JUNCAL, JOSEFA (a señora Pepa).**- Da familia do Ferreiro do Pino, os golpistas asasinaron ao maior dos seus once fillos, Milucho, detiveron ao seu home, Antonio Dios e tamén as súas fillas Fina e Tucha, que foron rapadas e depuradas como mestras. Foi a responsábel do bordado do emblema da Sociedade Agraria: unha bandeira, din que deseñada por Castelao, que foi presentada o 24 de abril de 1932.

José
**Gallego Acuña**

Josefa
**Peleteiro**

Manuela
**Méndez Montes**

Manuel
**Méndez Montes**

Manuela
**Gallego Peleteiro**

Emilio
**Méndez Montes**

Emma e José

Manuela
**Méndez Acuña**

Rogelio
O Mariñán

Rogelia
**Iglesias**

Emilio
**Peón Méndez**

Manuel
**Méndez Acuña**

LENDA: **Parella** **Irmáns/Irmás** **Fillos/as** **Curmáns/Curmás**

Manuela
**Acuña Iglesias**

Consuelo
**Acuña Iglesias**

Ramón
**Acuña Iglesias**

Manuel
**Acuña Iglesias**

América, Remigio e Germán
**Méndez Acuña**

Dorinda
**Iglesias**

**Iglesias**

Benito
**Iglesias**

Dolores
**López**

Estrella
**Pintos Iglesias**

Victoria, Aurelia,
Adelaida e Carmen

Juana
**Iglesias López**

Concha e Gloria

Amelia **Méndez Iglesias**
e Manuela **Iglesias López**
(filla de Emilio **Méndez Montes**)

## BIBLIOGRAFÍA E AGRADECEMENTOS.

A frase do limiar foi recollida no libro “As cruces de pedra na Galiza” publicado por Castelao no exilio.

A maioría dos datos de afiliación e condenas foron obtidos do traballo sobre Salcedo realizado por Xosé Álvarez Castro no monográfico que sobre a parroquia publicou no número 18 da revista Cedofeita, así como do seu libro Pontevedra nos anos do medo e do blog do mesmo nome. Ademais, como sempre, axudounos aclarando numerosas dúbidas e facendo de corrector do borrador do texto. A nosa débeda segue crecendo.

Tamén foron imprescindíbeis para o traballo as achegas de Rafa Quintía, Fernando Pintos, Ramón López Laxes, Celso Milleiro e Luís Bará. A todos eles infinitas grazas. E, sobre todo, grazas de novo ás persoas das familias afectadas pola barbarie do 36 que nos cederon fotos e nos deixaron pescudar na dolorosa e moitas veces oculta historia familiar. Sodes a semente que fai xermolar, cada día con máis forza, a memoria. Este traballo fornécese das entrevistas realizadas a Manolita Gómez Lodeiro, Margarita Caballero Calleja, Milagros Viegas Pintos, Mena Rey Dios, Antonio Dios Vázquez e a súa filla e fillos, Lali Carro, Pitusa Torres, Pablo Carro e Cristina, Manuel Bazarra, Peregrina e Enrique Suárez Portela, Francisco Portela López, Maruja Rodríguez Gama, Foro e Gonzalo Lorenzo, Carmen Laxe Souto, Amelia Ferreira Peón, Manuela Iglesias López e a súa irmá; Gelo Piñeiro, Chicha Montes e a súa filla Maite, e Carmen Sobral Lamoso. O seu neto David e a súa sobriña neta, Tareixa Carro, directiva da asociación de memoria histórica “A Regaduxa” de Vilaboa, son unha mostra máis de que a semente florece cargada de memoria.

Gustaríanos dedicar esta publicación a Lali e Peregrina, que para a nosa tristura, xa non están con nós.

Moitas grazas.

**Decembro de 2016,**
no 80 aniversario dos asasinatos
da casa da Torre

CONCELLO DE PONTEVEDRA
Concellaría de Patrimonio Histórico

a memoria das mulleres

Salcedo no tempo